

MOBILIDADE COMENIUS REGIO

Do 31 de maio ao 5 de xuño, tres profesores do IESP Xosé Neira Vilas participaron na 2ª das mobilidades a Vannes (Morbihan-Francia) no marco do Proxecto Comenius Regio “Échangeons notre échange scolaire!” no que o noso centro participa en colaboración con:

- ✓ a Consellería de Cultura, Educación e O.U.,
- ✓ a APFG -Asociación de Profesores de Francés de Galicia-
- ✓ o IES Monte Neme de Carballo.

Do lado bretón, os socios cos que se mantivo a xuntanza para avanzar no proxecto son:

- ✓ A Mairie de Vannes (Concello de Vannes),
- ✓ O Collège Notre Dame Le Ménimur (Centro de ensino),
- ✓ O Comité Bretagne-Galice (Asociación cultural).



As actividades incluíron:

- ✓ Recepción no Conseil Général du Morbihan (equivalente á Deputación Provincial).
- ✓ Seminarios de traballo no Palais des Arts e no Hôtel de Ville de Vannes (Pazo de Congresos e Casa do Concello).
- ✓ Encontro cunha profesora de lingua bretoa que expuxo a súa situación na actualidade na sociedade e no sistema educativo.
- ✓ Encontro cos profesores de lingua española da zona na marco da creación da Asociación de Profesores de Español de Bretaña.
- ✓ Presentación do Servizo de Animación do Patrimonio e Servizos Culturais do Concello de Vannes.
- ✓ Visitas culturais en Vannes e en Bretaña.

Un dos obxectivos principais do proxecto é a elaboración conxunta de documentos que contribuirán á mellora dos intercambios e á difusión e fomento deste tipo de actividades entre outros profesores tanto franceses como españois. Esta reunión serviu para pechar as actividades deste curso escolar, presentar a documentación elaborada e planificar as accións do vindeiro curso escolar.

Vindeiras actividades:

Durante o curso 2013/2014, están previstas diferentes actividades dos dous lados do proxecto:

- 18 de outubro de 2013: Día de Bretaña en Galicia (Compostela).
- 28 de febreiro de 2014: Día de Galicia en Bretaña (Vannes).
- 6 e 7 de xuño de 2014: Presentación dos resultados no marco das 28as Xornadas Pedagóxicas da APFG (Compostela).

[Blog do proxecto:](#)

www.galiregio.blogspot.com